


MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DE CEDEIRA NO ÁMBITO DO CENTRO DE SAÚDE



APROBACIÓN INICIAL

AGOSTO DE 2021

MEMORIA DE VIABILIDADE ECONÓMICA



En cumprimento do establecido no artigo 22.5 do Real Decreto Legislativo 7/2015, texto refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana avaliarase a viabilidade económica, en termos de rendibilidade, para os propietarios incluídos no ámbito de ordenación, tendo en conta as determinacións urbanísticas básicas referidas a edificabilidades, usos e tipoloxías edificatorias; determinando os valores de repercusión segundo o uso, estimando os importes do investimento na transformación urbanística do solo e xustificando a capacidade de xerar ingresos suficientes para financiar a maior parte do custo da transformación física proposta garantindo o menor impacto posible no patrimonio persoal dos particulares.

Sen embargo, a Modificación Puntual:

- Non define transformacións urbanísticas que precisen de obras de urbanización
- Non afecta a particulares, en tanto que os terreos e as edificacións incluídas no ámbito son de titularidade pública.
- Non prevé aumento nin diminución de edificabilidades.
- Non dispón efectuar cesións de ningún tipo.

Por tanto, o impacto económico da modificación puntual é nulo, aínda que a súa aprobación será beneficiosa en canto a un mellor aproveitamento futuro dos recursos públicos, permitindo a ampliación do equipamento sanitario en continuidade do existente e facilitando a adaptación das instalacións ás necesidades do momento e futuras.

AGOSTO DE 2021

ARQUITECTO,
Asdo.: Ángel Luís Monteoliva Díaz.